

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

Unha vez elixidos a opción e o autor, o alumno deberá realizar unha Composición de tipo filosófico, en base ó texto proposto, sobre o *tema enunciado*.

OPCIÓN 1

A política: orixe da sociedade e formas de goberno.

“De aquí dedúcese que a cidade é unha das cousas máis naturais, e que o home, pola súa natureza, é animal político ou civil, e que o que non vive na cidade, isto é, errante e sen lei, ou é mal home ou é máis que home, como aquel a quen vitupera Homero con estas palabras: “Home sen lei, sen sorte, sen morada”... Por isto consta ser o home animal político ou civil moito máis de veras cás abellas... Porque a natureza ningunha cousa fai innecesaria, e, entre todos os animais, só o home ten uso de razón e de linguaxe.”

ARISTÓTELES, *Política*, Lib. I, cap. 2.

.....

OPCIÓN 2

Teoría da substancia: substancia pensante e extensa.

2.1. “Podemos ter dúas nocións ou ideas claras e distintas, unha dunha substancia creada que pensa e a outra dunha substancia extensa, con tal de que separemos coidadosamente todos os atributos do pensamento dos atributos da extensión. Podemos tamén ter unha idea clara e distinta dunha substancia non creada pensante e independente, é dicir, dun Deus, con tal que non creamos que esta idea nos representa todo o que hai nel, e que non lle mesturemos nada mediante unha ficción do noso entendemento, senón que nos fixemos só no que está en verdade comprendido na noción distinta que temos del, e que sabemos que corresponde á natureza dun ser perfectísimo.”

DESCARTES, *Principios*, I, 54.

.....

O monismo substancial: Deus ou a natureza.

2.2. “Na natureza das cousas non hai nada continxente, senón que todo está determinado a existir e a obrar dun certo modo pola necesidade da natureza divina.”

SPINOZA, *Ética*, Propositions, 29.

.....

O liberalismo político

2.3. “No estado de natureza, deixando de lado a liberdade que ten de gozar de praceres sinxelos, o home posúe dous poderes. O primeiro deles é o de facer o que ben lle parece para a súa propia salvagarda e a dos demais, dentro da lei natural... O outro poder que o home ten no estado de natureza é o de castigar os delitos cometidos contra a lei. Pero o home renuncia a eses dous poderes cando entra a formar parte dunha sociedade política particular, se se me permite esa palabra, concreta, e incorpórase a un Estado independente do resto dos homes.”

LOCKE, *Ensaio sobre o goberno civil*, 128.

.....

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

Os elementos do coñecemento e o fenomenismo.

2.4. “Hai que recoñecer que a natureza humana nos mantén moi afastados de todos os seus secretos. Escóndenos constantemente todas estas forzas e todos estes principios dos que nace a influencia recíproca dos obxectos, só nos deixa entrever un pequeno número das cualidades máis superficiais destes obxectos. Os nosos sentidos fannos coñecer a cor, o peso e a consistencia do pan, pero nin os sentidos nin a razón son capaces de ensinarnos as cualidades que fan del un elemento apropiado para a conservación do corpo do home... Non obstante, a pesar da ignorancia en que nos achamos destes principios e poderes da natureza, non deixamos de crelos parecidos en todos os lugares en que observamos semellanza entre as cualidades sensibles: e nestes casos esperamos efectos parecidos ós que xa experimentamos... E desta operación do espírito é da que eu quería coñecer ben o fundamento... É indubidable que non se percibe ningunha relación entre as cualidades sensibles e estes poderes secretos; non hai, pois, nada na natureza (coñecido) que poida inducir o espírito a concluír que deben ser constante e regularmente postos xuntos.”

HUME, *Ensaio sobre o entendemento humano*, IV, 2

.....

Do estado de natureza ó estado social.

2.5. “Intentei expoñer a orixe e o progreso da desigualdade, a fundación e o abuso das sociedades políticas, en canto estas cousas poden deducirse da natureza do home polas únicas luces da razón, con independencia dos dogmas sagrados que dan á autoridade soberana a sanción do dereito divino. Dedúcese do exposto que, sendo a desigualdade case nula no estado de natureza, saca a súa forza e acrecentamento do desenvolvemento das nosas facultades e do progreso do espírito humano, chegando por fin a ser permanente e lexítima pola constitución da propiedade e das leis.”

ROUSSEAU, *Discurso sobre a orixe da desigualdade entre os homes*, 2ª parte.

.....

Kant e a Ilustración.

2.6. “A Ilustración é a saída do home da minoría de idade da que el mesmo é culpable. A minoría de idade consiste na incapacidade de servirse do propio entendemento sen a guía de outro. É de por si culpable desta minoría de idade, cando a causa dela non reside nunha falta do entendemento, senón da decisión e ánimo para servirse del, sen que outro te dirixa. *Sapere aude*. ¡Ten valor para servirte do teu propio entendemento! Velaquí o lema da Ilustración. A preguiza e a covardía son as causas de que unha grande parte dos homes, a pesar de que a natureza hai tempo que os librou de guías estraños, permaneza con gusto baixo ela toda a súa vida.”

KANT, *¿Que é a Ilustración?*, 4.

AVALIACIÓN DA COMPOSICIÓN: 10 puntos.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)

Unha vez elixidos a opción e o autor, o alumno deberá realizar unha Composición de tipo filosófico, en base ó texto proposto, sobre o *tema enunciado*.

OPCIÓN 1

A Teoría do coñecemento en Platón.

“Podes, polo tanto, dicir que o que proporciona a verdade ós obxectos do coñecemento e a facultade de coñecer ó que coñece é a idea de ben, a cal debes concibir como obxecto do coñecemento, pero tamén como causa da ciencia e da verdade; e así, por moi fermosas que sexa ambas as cousas, o coñecemento e a verdade, xulgarás rectamente se consideras esa idea como outra cousa distinta e máis fermosa aínda ca elas. E, en canto ó coñecemento e á verdade, do mesmo xeito que en aquel outro mundo se pode crer que a luz e a visión se parecen ó sol, pero non que sexan o mesmo sol, do mesmo xeito neste é acertado considerar que un e outra son semellantes ó ben, pero non o é o ter a un calquera dos dous polo ben mesmo, pois é moito maior aínda a consideración que se debe ter á natureza do ben.”

PLATÓN, *A República*, VI, XVIII, 508 e 509a

OPCIÓN 2

A dúbida metódica e a primeira verdade: o *cogito*.

2.1. “Deste modo, debido a que os nosos sentidos nos enganan ás veces, decidín dar por suposto que non hai ningunha cousa que sexa tal como eles nola fan imaxinar..., rexeitei como falsas todas as razóns que aceptara antes como demostracións..., tomei a determinación de finxir que todas as cousas que xamais entraran no meu espírito non eran máis verdadeiras cás ilusións dos meus sonhos. Pero, inmediatamente despois, decateime de que mentres eu quería pensar deste xeito que todo era falso, resultaba de todo punto necesario que eu, que o estaba pensando, fose algo. E decatándome de que esta verdade: penso, logo existo, tiña tal grao de firmeza e seguridade que todas as máis extravagantes suposicións dos escépticos non eran capaces de facela vacilar, xulguei que podía recibila sen escrúpulos como o primeiro principio da filosofía que eu buscaba.”

DESCARTES, *Discurso do Método*, cuarta parte.

A Teoría ética: a liberdade e as paixóns.

2.2. “Paso, finalmente, á outra parte da Ética, que se refire ó modo ou vía que conduce á liberdade. Nela tratarei, pois, da potencia da razón, mostrando qué poder ten a razón sobre os afectos, e despois qué é a liberdade da alma ou a felicidade, por todo o cal veremos canto máis poderoso é o sabio que o ignorante. De qué modo, porén, e por qué vía debe ser perfeccionado o entendemento e con qué arte, ademais, debe ser curado o corpo para que poida cumprir rectamente o seu oficio, non pertence a este lugar, posto que isto concirne á Medicina e aquilo á Lóxica. Aquí só tratarei, pois, como veño de dicir, da potencia da alma, ou sexa, da razón, e mostrarei, antes de nada, de qué grao e calidade é o dominio que ten sobre os afectos, co fin de reprimilos e moderalos. Pois non temos sobre eles un dominio absoluto, xa o demostrei antes.

SPINOZA, *Ética*, 5ª parte, a.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (*sobre tema de tipo Filosófico*)

O coñecemento das ideas: orixe, tipos e límites; o problema da substancia.

2.3. “Supoñamos que a mente é, como nós dicimos, un papel en branco, baleiro de caracteres, sen ideas. ¿Como se enche? ¿De onde procede a vasto cúmulo que a ilimitada e activa imaxinación do home gravou nela cunha variedade case infinita? A isto respondo cunha palabra: da experiencia. Nela está baseado todo o noso coñecemento, e dela deriva todo en último termo. A nosa observación... é a que abastece o noso entendemento con todos os materiais do pensar.”

LOCKE, *Ensaio sobre o entendemento humano*, Libro II, cap. 1.

.....

O emotivismo moral

2.4. “Posto que a razón non pode en ningún caso impedir ou producir inmediatamente acción por condenala ou aprobala, non poderá ser a orixe do ben e do mal morais, que se viu que teñen esa influencia. As accións poden ser loables ou censurables, pero non razoables ou irrazoables. Polo tanto, loable ou censurable non é o mesmo que razoable ou irrazoable. O mérito ou demérito das accións contradí frecuentemente, e ás veces domina as nosas inclinacións naturais. Pero a razón non ten esa influencia. Logo as distincións morais non son produto da razón. A razón é totalmente inactiva, polo que nunca pode ser orixe dun principio tan activo como é a conciencia ou sentimento do moral.”

HUME, *Tratado da Natureza humana*, parte I, sección 1.

.....

O contrato social

2.5. “Se só considerase a forza e o efecto que dela se deriva, diría: mentres un pobo se ve obrigado a obedecer, e obedece, obra ben; tan pronto como pode sacudir o xugo, e o sacude, obra mellor aínda; pois ó recobrar a súa liberdade polo mesmo dereito con que lle foi arrebatada, ou ten razón para reivindicala, ou non a tiñan para quitarlla: Pero a orde social é un dereito sagrado que serve de base a todos os demais. Non obstante, este dereito non procede da natureza, entón baséase en convencións.”

J.- J. ROUSSEAU, *O Contrato social*, Libro. I, cap. 2.

.....

A estética transcendental: as intuicións puras e as matemáticas

2.6. “Non hai ningunha dúbida de que todo o noso coñecemento comeza coa experiencia. En efecto, ¿que podía espertar e poñer en acción a nosa facultade de coñecer se non fosen os obxectos que feren os nosos sentidos e que, por unha parte, producen por si mesmos representacións e, por outra, poñen en movemento a nosa facultade intelectual a fin de que compare, enlace ou separe estas representacións e elabore así a materia bruta das impresións sensibles para obter dela un coñecemento dos obxectos chamado experiencia? Segundo o tempo, pois, ningún coñecemento precede en nós á experiencia e con ela comezan todos os nosos coñecementos.

Pero se ben todo o noso coñecemento comeza *coa* experiencia, iso non proba que se derive todo el *da* experiencia, pois podería ser que o noso coñecemento por experiencia fose un composto do que recibimos das impresións sensibles e do que a nosa propia facultade de coñecer (...) proporciona por si mesma.”

I. KANT, *Crítica da Razón pura*, I.

AVALIACIÓN DA COMPOSICIÓN: 10 puntos.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

1. Con carácter xeral: os que figuran no Dexeño Curricular Base da materia, que se aplicarán á composición realizada:

- a) Situar e contextualizar adecuadamente o filósofo estudiado no seu marco histórico e filosófico.
- b) Relaciona-lo problema filosófico estudiado coas principais condicións socioculturais nas que aparece e ás que pretendeu dar resposta.
- c) Mostrar e recoñece-la implicación dos sistemas filosóficos no desenvolvemento histórico das ideas e dos cambios sociais.
- d) Coñecer e manexar adecuadamente o vocabulario filosófico básico adquirido na filosofía do bacharelato.
- e) Analiza-lo contido do texto filosófico proposto, con rigor metodolóxico, identificando os problemas, os conceptos e os termos específicos que aparecen, facendo explícita a súa estrutura expositiva (teses, argumentos e conclusións).
- f) Expoñer, de modo claro e ordenado, as liñas fundamentais do problema prantexado, dentro do pensamento do autor ó que pertence.

g) Mostrar as súas propias reflexións sobre o tema tratado.

2. Con carácter específico:

- a) O alumno, na composición, ó ser o texto un “pretexto”, partirá da referencia ó texto proposto e, en consecuencia, valorarase tamén todo o que poida decir a propósito do mesmo.
- b) Desenvolverá a temática ilustrada polo texto e enunciada explicitamente no exame, mostrando, na composición, o coñecemento da mesma, os seus conceptos básicos, situándoa no conxunto do pensamento do autor.
- c) Valorarase, finalmente, a capacidade crítica, o rigor conceptual, a coherencia, precisión e claridade expositiva, a orixinalidade da Composición, así como todo o que poida contribuir a mostrar a comprensión dos problemas filosóficos prantexados, tanto no texto como na temática suxerida.

Avaliación da Composición: de 0 a 10 puntos.